

PL



CEIP Juana de Vega

Claustro: Informado positivamente o 29/05/2022

Consello Escolar: Aprobado o 29/06/2022

1.- Introducción	4
2.- Obxectivos que pretendemos acadar	5
2.1.- Obxectivos xerais	5
2.2.- Obxectivos específicos.....	5
A curto prazo	5
A medio prazo	6
2.3.- Planificación	6
2.4.- Obxectivos para o fomento do uso do galego:	7
3.- Liñas de actuación	8
4.- Linguas en que se imparten as materias na Educación Primaria.	9
5. Medidas a adoptar para o alumnado que non presenta suficiente dominio das linguas.	11
6.- Actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira as dúas linguas oficiais:	12
6.1.- O galego oral	12
6.2.- Achegamento á lingua e coñecemento da realidade sociocultural galega polo alumnado con necesidades específicas.....	12
6.3.- Colaboración con entidades, asociacións, etc.....	12
6.4.- Relación da lingua coas novas tecnoloxías	12
6.5.- Ámbitos de aplicación das actividades e medidas a desenvolver:	13
7. Medidas de impartición dun currículo integrado das linguas e atención ao alumnado con NEAE:	14
Estratexias metodolóxicas xerais:	16
As medidas que se levarán a cabo para atender á diversidade serán as seguintes:.....	17
ANEXOS.....	19
Anexo 1 : ADDENDA ANUAL PARA O PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.....	19

Anexo 2 : ¿E ti en que falas? (Enquisa ao alumnado)	24
Anexo 3 ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA: MESTRES.....	28
Anexo 4 - ENQUISA PARA OS PAIS E NAIS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E 1º CICLO DE PRIMARIA	32

1.- Introducción

Este documento, foi revisado por un grupo de traballo constituído polos mestres e mestras que forman parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) nos curso 2020/21 e 2021/22.

A súa elaboración foi levada a cabo segundo as directrices marcadas polo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O proxecto ten a pretensión de ser referente para a Comunidade do Centro, cara a contribuír e mellorar a calidade educativa nun aspecto tan relevante para o desenvolvemento persoal do alumnado como é o lingüístico e para acadar a normalización lingüística que o centro precisa.

Á hora de enfocar o traballo é importante ter en conta aqueles aspectos positivos no uso do idioma e que xa se veñen desenvolvendo dende fai tempo no centro:

Realízanse en galego todas as accións que teñen que ver coa organización, administración e xestión do centro, nas súas manifestacións escritas.

Cúmprense as esixencias mínimas establecidas pola lexislación vixente (Decreto 79/2010).

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, utiliza o galego en todas as actividades programadas, tanto a nivel interno coma externo.

Nas actividades extraescolares e todas as referentes a mellorar a competencia social e cultural do alumnado (por exemplo: semana cultural, celebracións cíclicas, etc...) o uso do galego está xeneralizado.

Se contempla no orzamento a adquisición de material en galego para a biblioteca do centro e outros destinos educativos.

Aínda que todo é mellorable, pensamos que no noso centro e no seu contorno inmediato, existe un ambiente sensibilizado coa utilización do galego e que as nosas necesidades van encamiñadas a mellorar as competencias oral e escrita, na medida das posibilidades do alumnado que atendemos, e do contorno que o rodea, sen excedernos en correccións normalizadoras extremas que só contribuírían ó deterioro da relación co idioma.

2.- Obxectivos que pretendemos acadar

2.1.- Obxectivos xerais

- Aplicar á situación do centro aos principios xerais que se recollen no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.
- Validar o galego como lingua vehicular favorable ao coñecemento e apropiación de algo tan singular como é a nosa cultura.
- Fomentar a consideración da diversidade lingüística coma un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o desenvolvemento persoal de calquera individuo.
- Contribuír ao coñecemento e a competencia lingüística adquiridos en igualdade de condicións.

Un proxecto ten que ter metas, pero tan importante é o que acontece no camiño como a chegada. As estratexias que se deseñen para a consecución dos obxectivos serán tan relevantes coma estes, xa que por ser un documento en evolución, terá que adaptarse ás características singulares de cada ano académico.

De todos os xeitos aínda que os nosos obxectivos son a longo prazo, están establecidos, por criterios de consecución, a curto, medio e longo prazo.

2.2.- Obxectivos específicos

A curto prazo

- Comprometer á comunidade educativa na tarefa que nos ocupa, como aspecto clave para acadar a implantación da lingua galega.
- Animar á formación do profesorado e procurar a adquisición de instrumentos de uso didáctico co galego como lingua vehicular: xogos didácticos, material multimedia...
- Promover campañas de sensibilización ou destinadas a cubrir deficiencias de ámbitos concretos.
- Definir con claridade unha liña lingüística de centro, que sexa realista e respectuosa cos dereitos lingüísticos individuais partindo de vontades manifestas.

A medio prazo

- Proxectar e desenvolver actuacións que posibiliten unha actitude positiva cara ao uso do galego en diferentes situacións, continuando co esforzo colectivo de aprender en galego as cousas relacionadas coa vida cotiá e académica.
- Dispoñer de material para todas aquelas áreas que amosen disposición de impartir clases en galego, tanto para actividades curriculares coma non curriculares.
- Fomentar a participación do profesorado en cursos de formación axeitados as súas necesidades e que, na medida do posible, podan ter lugar no centro ou na súa área de influencia.
- Incluír contidos da realidade cultural galega nas programacións didácticas e nas actividades extraescolares e complementarias.
- A longo prazo:
- Lograr que o uso do galego na vida diaria do centro (dentro e fóra das aulas), ocupe idéntica posición de relación en igualdade e prestixio que calquera outra.
- Introducir a problemática sociolingüística como tema de reflexión.
- Vincular as nosas actuacións á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino de educación infantil e primaria, tal e como propugna o decreto no que se regula o uso e promoción do galego.
- Adoptar unha postura de análise seria e unha reflexión profunda da situación do galego, coa finalidade de modificar actitudes pola vía da sensibilización e creación de ambientes aptos para a súa utilización.

2.3.- Planificación

Ao comezo de cada curso escolar, analizaremos a situación inicial que atopamos.

A principio de cada curso as primeiras tarefas a realizar serán:

- Addenda anual.
- Revisar a pregunta aos país/nais/titores legais de Educación Infantil.
- Redactar os obxectivos para este curso.
- Establecer ás actividades que se van a realizar.

2.4.- Obxectivos para o fomento do uso do galego:

1. Usar a lingua galega nas tarefas administrativas do centro e corrixir textos que teñan difusión entre a comunidade escolar por parte do E.D.L.G. sempre que sexa posible.
2. Fomentar o uso do galego entre todos os membros da comunidade escolar (alumnos, pais, nais, mestres, etc.).
3. Colaborar no desenvolvemento das festas e conmemoracións tradicionais (Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Letras galegas, etc.).
4. Participar en todas as actividades e celebracións do centro coa finalidade de garantir o uso da lingua galega nelas.
5. Organizar as actividades e desenvolver a celebración da semana adicada as Letras Galegas coa colaboración do resto do profesorado do centro.
6. Participar en certames e concursos que promovan o uso da lingua galega.
7. Promover e acadar os obxectivos plantexados no Proxecto Lingüístico de Centro (PLC).
8. Recompilar, coñecer e practicar os xogos populares galegos e os seus recitados.
9. Colaborar e participar con outros centros educativos, organismos, entidades ou asociacións en iniciativas e propostas que promovan o desenvolvemento e fomento do uso do galego dentro da nosa comunidade educativa e con incidencia no ámbito escolar.
10. Participar e colaborar en actividades promovidas por organizacións, centros ou entidades culturais, asociativas e con incidencia no ámbito escolar.
11. Establecer fórmulas de interacción e colaboración coas familias para aumentar o coñecemento e o emprego da lingua galega e para mellorar a súa valoración social.
12. Potenciar o uso do galego en espazos de lecer e como vehículo de comunicación.
13. Sensibilizar ao alumnado da importancia da defensa da lingua participando en actividades colectivas, lúdicas e amenas.
14. Fomentar a lectura en galego no seo das familias.

15. Dar a coñecer a cultura galega: espazos e produtos culturais galegos (música, literatura, cinema, etc...)
16. Facilitar canles de difusión do galego a través das novas tecnoloxías e a expresión artística.
17. Continuar coa actualización do Blogue do EDLG para difundir o noso traballo e as novas sobre a nosa lingua e favorecer así as competencias comunicativas básicas.
18. Integrar as TIC no tratamento dos contidos curriculares e das actividades escolares empregando como lingua vehicular a nosa lingua.
19. Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.

3.- Liñas de actuación

- 3.1.- Actividades de outono: Samaín, Magosto, Nadal.
- 3.2.- Actualización do blogue www.dinamizacionjuanadevega.blogspot.com
- 3.3.- Colaboración cos equipos docentes, outros colexios e outras entidades
- 3.4.- Planificación do Entroido e da Semana das Letras Galegas.
- 3.5.- Continuar actualizando e difundindo os xogos populares .
- 3.6.- Axudar a todo o equipo docente en cuestións lingüísticas.

4.- Linguas en que se imparten as materias na Educación Primaria.

CURSO 2022/23

Áreas	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	<i>Carga horaria / Lingua</i>					
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	4	5
Ciencias Sociais	2	2	2	2	2	3
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Plástica	1	1	1	1	1	1
Música	1	1	1	1	1	1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Relixión/ Valores Sociais e Cívicos.	1	2	1	1	1	1
Libre configuración	-	-	-	1	-	1
Total horas Galego	12	12	11	11	12	11
Total horas Castelán	11	11	11	11	11	11
Total horas Inglés	2	2	3	3	3	3
Total horas libre configuración	-	-	-	1	-	1
TOTAL	25	25	25	25	25	25

CURSO 2023/24 ¿?

Áreas	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	<i>Carga horaria / Lingua</i>					
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	5	5
Ciencias Sociais	3	2	3	2	2	3
Ciencias da Natureza	2	3	2	3	2	2
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Plástica	1	1	1	1	1	1
Música	1	1	1	1	1	1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Relixión/ Proxecto Competencial	1	1	1	1	1	1
Valores cívicos	-	-	-		-	1
Total horas Galego	11	11	11	11	11	11
Total horas Castelán	12	12	11	11	11	11
Total horas Inglés	2	2	3	3	3	3
TOTAL	25	25	25	25	25	25

5. Medidas a adoptar para o alumnado que non presenta suficiente dominio das linguas.

5.1.- Asistencia na aula e apoio específico.

5.2.- Exención da cualificación das probas de lingua galega, en cumprimento co establecido no artigo 18º e 19º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia; e na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, con relación a exención da materia de lingua galega.

- Concederáse exención temporal, durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos, cando o alumno/a se incorpore ao sistema educativo no 3º ciclo de primaria procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.
- Nos documentos oficiais de avaliación, anotarase a consignación de exento.
- Asistirá de forma obrigatoria ás aulas como medio de integración lingüística.
- Disporá de materiais didácticos específicos e axuda continua do profesorado.
- Nos documentos oficiais de avaliación, farase constar, as posibles revogacións e as conseguintes cualificacións.
- A exención deberá solicitarse por cada ano académico de permanencia en Galicia, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares.

6.- Actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquiera as dúas linguas oficiais:

ASPECTOS A DESENVOLVER, ACTIVIDADES E CONTIDOS.

6.1.- O galego oral

- Plan de lectura nas aulas: Fomento e uso de obras literarias e distintos tipos de material.
- Animar e favorecer a realización de carteis, anuncios, audicións e outras manifestacións en lingua galega.
- Favorecer o compromiso de utilizar o galego en momentos non rituais.
- Elaboración de material para animar ao uso do galego en todas as situacións.

6.2.- Achegamento á lingua e coñecemento da realidade sociocultural galega polo alumnado con necesidades específicas.

- Elaborar e traducir materiais xa que non existe moita variedade.
- Favorecer o uso oral e escrito do galego naqueles casos onde o alumnado necesita reforzo polo desfase curricular nas áreas instrumentais.

6.3.- Colaboración con entidades, asociacións, etc...

- ANPA, campañas dirixidas aos asociados para animalos ao uso do galego.
- Fomentar a organización de actividades que fomenten o desenvolvemento lingüístico: obradoiros de lingua, teatro, contacontos...

6.4.- Relación da lingua coas novas tecnoloxías

Adquisición de material informático e audiovisual en galego:

- Programas informáticos.
- Recursos informáticos das diferentes materias.
- CDs interactivos.
- CDs musicais.
- Filmografía en galego.

6.5.- Ámbitos de aplicación das actividades e medidas a desenvolver:

- Sectores da comunidade educativa implicados: PROFESORADO, ALUMNADO, FAMILIAS.
- Niveis académicos de primeira intervención: Educación infantil e primeiro e segundo curso de Educación primaria.
- Plan específico de alumnado con NEAE: adaptacións curriculares, atención específica ao alumnado con desfase curricular.
- Proxección no contorno: contacto con asociacións culturais, veciñais, o propio Concello de Oleiros así coma outros centros educativos cos que podamos compartir experiencias e actividades.

7. Medidas de impartición dun currículo integrado das linguas e atención ao alumnado con NEAE:

Segundo a Orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 que regula atención á diversidade en Galicia, unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustifico, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfacemento curricular.

A escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego realizarase atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.

Informarase e asesorarase as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre os dereitos, os deberes e as oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo galego.

Por outra parte, no seu artigo 61 especifica que o alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun grupo de adquisición das linguas se descoñece as dúas linguas oficiais de Galicia. A participación nesta medidas realizarase segundo se dispón no artigo 68 de dita orde.

No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial, que, de estimarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación.

Todas as medidas educativas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro considerarán as súas necesidades e facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización. Os grupos de adquisición das linguas poderán realizarse en educación primaria e, excepcionalmente, do derradeiro curso de educación infantil, con aquel alumnado que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Estes grupos teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que estea escolarizado.

O alumnado indicado no punto anterior poderá formar parte dun grupo de adquisición das linguas un tempo máximo dun trimestre, e o Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá, logo da solicitude do centro docente, autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, antes de rematar o prazo para o que fose concedida a súa participación no agrupamento, unha alumna ou un alumno poderá incorporarse ao seu grupo ordinario se o equipo docente considera superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.

O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición das linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, pero debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de cinco períodos lectivos semanais no derradeiro curso da educación infantil; dez, no primeiro ciclo da educación primaria; vinte, no segundo e no terceiro ciclos da educación primaria. Estes períodos lectivos semanais deberanse reducir progresivamente á medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

En educación primaria e en educación infantil, de ser o caso, encargárase calquera mestra ou mestre da correspondente etapa que conte con dispoñibilidade horaria. Ese profesorado coordinarase co profesorado titor do grupo ordinario ao que pertenza a alumna ou o alumno, co asesoramento da

xefatura do departamento de orientación.

Co ANEAE que sexa preciso en función das súas necesidades (NEE, trastornos de aprendizaxe...) partiremos da potenciación da súa lingua materna, favorecendo a progresiva adquisición da segunda lingua oficial e da lingua estranxeira, facendo fincapé na adquisición do vocabulario básico, expresións e frases feitas que favorezan a relación cos demais, utilizando abundante apoio visual e pictográfico, así como utilizando as TIC e/ou os SSAACC de que faga uso o ANEAE, dando moita importancia ao establecemento dunha rutinas diarias básicas nas que se poidan observar, escoitar e exercitar, o que tamén repercutirá nunha maior inclusión no grupo.

Con este alumnado darase prioridade aos contidos de procedementos e actitudes, sobre os dos conceptos. Nos casos en que sexa preciso, esgotadas as medidas ordinarias, poderase propoñer unha ACS, que suporá a eliminación de contidos, obxectivos e os conseguintes criterios de avaliación referidos a aprendizaxes que poidan considerarse básicas).

Por outra parte, co ANEAE asociado a AACCC e/ou que teña un dominio superior nalguna das linguas impartidas no centro poderanse propoñer actividades de ampliación e enriquecemento, así como valorar, se é o caso, a pertinencia de realizar unha ACS de ampliación,

Estratexias metodolóxicas xerais:

- Atender á integración do alumnado no grupo clase e no centro, procurando en primeiro lugar o seu benestar emocional. Realización de actividades de fomento da autoestima, motivación e reforzo dos logros do alumnado.
- Prestar especial atención á diversidade con respecto, tanto ás súas capacidades físicas e intelectuais, como ás diferenzas en relación á súa cultura.
- Presentar actividades diversas e motivadoras, partindo de situacións comunicativas de interese para eles, procurando que sexan o máis vivenciais posible e relacionadas con situacións da vida diaria.

- Relacionar a aprendizaxe coa doutras áreas e coas experiencias vividas fóra da escola, promovendo unha aprendizaxe globalizada e funcional.
- Primar as aprendizaxes xurdidas do contacto coa realidade, partindo dos coñecementos previos dos alumnos.
- Utilización de diferentes tipos de agrupamentos, fundamentalmente traballo en grupo de modo que as carencias duns sexan suplidas polos puntos fortes doutros.
- Fomentar a participación activa do alumnado e o traballo cooperativo.
- Mostrar confianza nas capacidades do alumnado e nas súas habilidades, fomentando a aprendizaxe por competencias.
- esperar o seu ritmo e estilo de aprendizaxe.
- Tratamento do erro como un compoñente natural e positivo dentro do proceso de aprendizaxe.
- Fomentar a igualdade de oportunidades.
- Xerar un clima que posibilite a creatividade.

As medidas que se levarán a cabo para atender á diversidade serán as seguintes:

- Situación na aula próxima á mesa da persoa docente.
- Disposición da aula.
- Adaptación do tempo e ritmo de aprendizaxe.
- Atención individualizada e específica.
- Metodoloxía máis personalizada.
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
- Ofrecer variedade de actividades, xogos e recursos, adaptados a unha gran diversidade de niveis e susceptibles de ser utilizados dun xeito flexible.
- Ofrecer material visual que permita que a fase de presentación das unidades poida seguirse pola totalidade do alumnado.
- Compaxinar a realización de actividades específicas ou adaptadas coa integración no grupo a través da participación en actividades TPR, cancións...

- Facilitar actividades de reforzo e ampliación que teñan en conta as distintas necesidades e os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado como algo natural no proceso de aprendizaxe.

ANEXOS

Anexo 1 : ADDENDA ANUAL PARA O PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

15.1 O Equipo de dinamización da lingua galega.

O actual Equipo de Dinamización da Lingua Galega expón como obxectivo principal promover a valoración positiva e o emprego cotiá e normalizado da lingua galega, sempre co ánimo de implicar a toda a Comunidade Educativa.

A filosofía da que parte é que o Equipo de Dinamización da Lingua Galega deberá estar constituído pola totalidade do claustro aínda que se represente nuns compoñentes concretos, xa que a vontade normalizadora do profesorado na súa totalidade resulta imprescindible para acadar o obxectivo da dinamización da lingua.

15.2 Lingua materna predominante.

Nas consultas de cursos anteriores, en relación á lingua materna predominante, o castelán tiña un 98% de selección desta lingua. Este curso realizarase unha nova enquisa entre as familias do alumnado de 4º de infantil.

15.3 Valoración das actividades de fomento da lingua galega no curso 2020/2021.

O curso 2019/20 foi un curso moi atípico, marcado por unha pandemia mundial e confinamento de longa duración, que condicionou totalmente o curso e todas as actividades programadas. Esta situación atípica continuou ao longo do curso 2020/21, cunha serie de medidas, normas e protocolos que condicionaron a vida no Centro e limitaron en gran medida, as actividades que se podían realizar.

Consideramos positivamente o traballo desenvolvido o curso pasado polo

EDLG, aínda que moi condicionado pola pandemia. Todos os docentes se implicaron en cada unha das actividades tanto na programación como na súa realización.

O noso centro atópase incluído no PLAMBE e no curso 2020/21 desenvolveuse o Proxecto Documental Integrado “Os bosques” e esta equipa participou activamente na creación e desenvolvemento das actividades realizadas en coordinación co resto das equipas do centro.

A ANPA involucrouse coa contratación dun concerto: Pakolas.

Procuramos a posta en contacto do alumnado coa súa contorna máis próxima tanto física como cultural, nunhas ocasións a través das familias e outras en colaboración con outras institucións coma o Concello de Oleiros, producíndose estas relacións sempre en lingua galega.

Interpretáronse cancións en galego, na realización do Festival de Nadal en Gallego, que realizouse en modalidade dixital. As actuacións foron gravadas por cada titor, para despois editalas e compartilas entre todas as titorías. O último día de clase, estas foron visionadas por cada clase na súa aula.

Demos a coñecer a vida e obra de Xela Arias, autora homenaxeada neste curso na celebración do Día das Letras Galegas. Para iso, achegamos material didáctico para dar a coñecer a esta autora, a súa vida e obra. Tamén, engadimos unha entrada no blogue do Grupo de Dinamización Lingüística, que se inaugurou o 17 de maio de 2021.

A primeira entrada do noso blogue, foi dedicado a Juana de Vega, que dá nome ao noso Centro. A intención era dar a coñecer a interesante historia, desta gran muller e tan importante para a vida e cultura

Colaboramos nas distintas celebracións: Magosto, Nadal, Entroido, Día da Paz, Letras Galegas,... en varias delas con material didáctico elaborado para cada etapa e ciclo.

Desenvolvimos o Proxecto Lingüístico do Centro, pendente de revisión e despois aprobación.

15.4 A dinamización lingüística para o curso 2021-22

OBXECTIVOS

- Potenciar e promover o uso da lingua galega en todas as actividades do centro e nas súas relacións con todos os membros da comunidade educativa (alumnado, familias, mestres, e institucións).
- Revisar e aprobar o Proxecto Lingüístico do Centro
- Elaborar o proxecto de fomento do uso do galego
- Mellorar e desenvolver o Blog de Dinamización Lingüística do Ceip Juana de Vega
- Continuar dando a coñecer a vida de Juana de Vega entre a comunidade educativa
- Facilitar aos mestres o material axeitado para potenciar a incorporación da lingua galega ao ensino nas áreas do currículo.
- Potenciar a presenza no ensino da realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte e folclore galegos.
- Fomentar a aprendizaxe de cancións en galego, recitado de poemas e pequenas dramatizacións de textos teatrais.

- Procurar a colaboración das familias en todas aquelas actividades que teñan como obxectivo o mellor coñecemento da nosa realidade cultural, como costumes, tradicións, música, lingua, etc.
- Empregar as Tecnoloxías da Información e Comunicación como recuso para a difusión e normalización da lingua galega en todos os contextos.

Para acadar estes obxectivos formulamos as seguintes actividades, moi relacionadas coas celebracións da nosa comunidade.

ACTIVIDADES

- Empregarase a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións de carácter oficial dos órganos de goberno, de coordinación docente e do profesorado cos distintos órganos das Administracións educativa, local, provincial, así como coa comunidade educativa.
- Colaboración co Equipo de dinamización de biblioteca, actividades extraescolares e tics na selección e dotación de recursos materiais, ...
- Fomento da aprendizaxe de cancións en galego, recitado de poemas e pequenas dramatizacións de textos teatrais.
- Celebración e valoración das nosas festas, xogos e tradicións.
- Participación con asociacións e organizacións do entorno do colexio en saídas, convivencias, representacións musicais ou teatrais... sempre tendo en conta a situación sanitarias e as restriccións vixentes en cada momento.
- Edición de información sobre a biografía do autor/a homenaxeado no 2022. Adquirir e dar a coñecer ao profesorado o material que se vaia

editando sobre este autor e que sexa de interese para os niveis nos que traballamos.

Anexo 2 : ¿E ti en que falas? (Enquisa ao alumnado)**1.- ¿En que lingua aprendiches a falar?**

a.- *Castelán.*

b.- *Galego.*

2.- ¿En que lingua aprendiches a ler e escribir?

a.- *Castelán.*

b.- *Galego.*

3.- ¿Onde aprendiches a falar galego?

a.- *Na familia.*

b.- *Na escola.*

c.- *Cos amigos.*

d.- *Cos vecinos.*

4.- ¿En que falas?

a.- *Só castelán.*

b.- *Máis castelán.*

c.- *Castelán e galego por igual.*

d.- *Máis galego.*

e.- *Só galego.*

5.- ¿En que falas coa túa nai?

- a.- *Só castelán.*
- b.- *Máis castelán.*
- c.- *Castelán e galego por igual.*
- d.- *Máis galego.*
- e.- *Só galego.*

6.- ¿En que falas co teu pai?

- a.- *Só castelán.*
- b.- *Máis castelán.*
- c.- *Castelán e galego por igual.*
- d.- *Máis galego.*
- e.- *Só galego.*

7.- ¿En que falas na escola?

- a.- *Só castelán.*
- b.- *Máis castelán.*
- c.- *Castelán e galego por igual.*
- d.- *Máis galego.*
- e.- *Só galego.*

8.- ¿En que falas cos teus amigos?

1.- *Só castelán.*

2.- *Máis castelán.*

3.- *Castelán e galego por igual.*

4.- *Máis galego.*

5.- *Só galego.*

9.- ¿Como falas o galego?

a.- *Mal.*

b.- *Aceptable.*

c.- *Ben.*

d.- *Moi ben.*

10.- ¿Que che parece que a maioría das clases sexan en galego?

a.- *Mal.*

b.- *Aceptable.*

c.- *Ben.*

e.- *Moi ben.*

11.- ¿Párecete ben que en Galicia se empregue só o galego?

a.- Mal.

b.- Aceptable.

c.- Ben.

d.- Moi ben.

12.- ¿Que che parece que en Galicia convivan dúas linguas (galego e castelán)?

a.- Mal.

b.- Aceptable.

c.- Ben.

d.- Moi ben.

Anexo 3 ENQUIISA SOCIOLINGÜÍSTICA: MESTRES**1. Cal é a lingua que adoitas empregar na escola?**

- Sempre castelán
- Normalmente castelán
- Castelán e galego indistintamente
- Normalmente galego
- Sempre galego

2. Qué lingua soes usar no teu entorno familiar?

- Sempre castelán
- Normalmente castelán
- Castelán e galego indistintamente
- Normalmente galego
- Sempre galego

3. Avalía a túa capacidade de uso do galego na aula.

- Moi baixa
- Baixa
- Media
- Alta
- Moi alta

4. Cal é a túa disposición para mellorar o teu nivel de galego?

- Ningunha
- Pouca
- Moderada
- Boa
- Moi boa

5. Con qué frecuencia mercas material en galego para o uso na clase?

- Nunca
- Case nunca
- Ás veces
- A cotío
- Sempre

6. Estarías disposto a traballar con material didáctico complementario para fomentar o uso do galego dentro e fóra da aula?

- Si, sempre
- Si, como actividade complementaria
- Ocasionalmente, no tempo de lecer
- Case nunca
- Nunca

7. En qué lingua adoitas ler?

- Sempre en castelán
- Normalmente en castelán
- Castelán e galego indistintamente
- Normalmente en galego
- Sempre en galego

8. Qué lingua escolles na televisión, na radio, na Internet, no ordenador, etc?

- Sempre castelán
- Normalmente castelán
- Castelán e galego indistintamente
- Normalmente galego
- Sempre galego

9. Cómo consideras o desenvolvemento actual da normalización do galego?

- Nulo
- Escaso
- Aceptable
- Bo
- Moi bo

10. Cómo consideras que é a implantación do galego no sistema educativo?

- Nula
- Escasa
- Aceptable
- Boa
- Moi boa

11. Cómo consideras que é a implantación do galego no teu centro?

- Nula
- Escasa
- Aceptable
- Boa
- Moi boa

Anexo 4 - ENQUISA PARA OS PAIS E NAIS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E 1º CICLO DE PRIMARIA